


Cartafol da LINGUA

I.E.S. MUGARDOS

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA Nº 0

CARTA DE PRESENTACIÓN

Destinatario:
Alumnos do I.E.S. MUGARDOS



¡Ola compañeiros!
¿Que tal o curso? Estarédesevos
preguntar, ¿Quen somos e que
facemos?.

Non vos facemos esperar máis: somos un grupo de alumnos deste Instituto que quere fomenta-la lingua galega a través deste boletín. O noso nome é **Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. Mugardos**. O boletín que editaremos de agora en diante será moderno e xuvenil, no que calquera de vós pode colaborar. Temos seccións nas que se recollerán as novas máis relevantes que se produzan no Instituto (viaxes, reunións de delegados, folgas, saídas culturais...), así que pedímo-la vosa axuda. ¡E ademais! Se sodes alumnos que sentides aprecio pola arte da escritura, colaborade na sección de "Escritores noveis", na que ti é-lo escritor do relato, poema,..., escrito, por suposto, no idioma da nosa comunidade.

Pero, ¡iso non é todo! Temos máis seccións, por exemplo: valoración do uso da lingua galega na nosa comunidade ("A trabe de ouro e a trabe de alcatrán"); artigo de opinión sobre un tema de actualidade ("Ó pan, pan e ó viño, viño"); axenda ("Ponte ó día"); ademais dunha reseña cinematográfica ou musical, e un chisco de humor. Compañeiros, axudádenos a potencia-la nosa lingua, falando e lendo en galego.

Recorda que terá-las mesmas oportunidades, independentemente do idioma ou lingua que fales. Un saúdo do Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. de Mugardos

P. D.: Ti que te-la sorte de falar dúas linguas, non desaproveites unha e

¡FALA GALEGO!

Por: Isabel Mesías & Elena Brozos



A TRABE DE OURO E A TRABE DE ALCATRÁN

Isto ocorreu hai moitos anos, non sei cantos, poden ser dez, poden ser cen, ¡tanto ten!

Nunha noite de chuvieira, John e martiño falaban co vello Rufo, pensaban no seu porvir, dábanlle voltas ó seu futuro, ... isto é o xeito de "busca-la vida". Rufo achegouse on eles e contoulles unha misteriosa historia. Escoitábase dende había tempo que algunhas noites cando a lúa nova se aparecía no camiño do Monte dos Mouros, nun recuncho da carballeira, unha muller tan fermosa coma ninguén podería imaxinar. Din que ela engaiolaba ó camiñante e ofrecíalle un agasallo, un libro máxico, "Como facerse rico en vinte días sen esforzo". ¡*Endexamais collade-lo libro!* -engadiu Rufo- *Se o facedes entraredes na vida coa trabe de alquitrán, teredes que renunciar ó que sodes e esquecer de onde vides.* Martiño preguntoulle ó vello que debería facer se atopaba á moza. El respondeulle cun doce consello:

- Vai amodo, non colla-lo libro, ela ofrecerache tamén un vello manuscrito, nel cofecerás tódolos misterios e as maxias do esforzo e abrirá-la porta da vida coa trabe de ouro.

John (chamábase Xoan, pero gustáballe de ser chamado así) e mais Martiño foron ó día seguinte ó Monte dos Mouros. Martiño tentou convencer ó seu amigo de que as palabras de Rufo non eran unha tolería, mais éste repetía de seguido: O vello fala doutros tempos, a min ninguén me falou do esforzo; quero medrar, ter un coche "molón", e unha loira de "impresión".

De súpeto a lúa nova pareceu escurecer, como si adiviñara o tristeiro porvir. Os feitos foron sucedéndose tal e como o vello Rufo lles contara. John acaparou o máxico libro e Martiño chegou á trabe de ouro a través do vello manuscrito. A chuvieira da noite empapounos ós dous e comezou unha forte treboada; o Monte do Mouros ardeu por tódolos lados e na carballeira a imaxe da muller ía esmorecendo. Paso o tempo, onde estaba a carballeira fíxose unha urbanización, o camiño era agora unha autovía e o Monte dos Mouros convertiuse nun parque de atraccións. Dixeran que a familia de John se fixera cuns bos cartos coa venda do monte, procuraran un bo porvir ó rapaz e convertéranse nuha "familia ben". Escoitárase tamén que John voltara ó pobo anos despois, que os seus ollos estaban afundidos e tristeiros, que as súas mans tremaban coma as dun vello ... e din, eu non o sei, din que choraba.

Por:
Pilar García Suárez

PONTE Ó día



O SEIXO:

"Amigos da paisaxe galega" organizou as VIII Xornadas de teatro en galego, no local social S.:

- 5 decembro ás 20:00 Elsinor
Teatro: CONTOS DO VALADOURO
- 6 decembro ás 20:00 AA. VV. de Limodre: PISTA OU PESTE e OS CASADOS DE POUCO
- 7 decembro ás 20:00 Kukas
Produccións: A ODISEA
- 8 decembro ás 20:00 Teatro do Xadra: A CEREIXA DA DISCORDIA

MUGARDOS:


- Partidos de baloncesto senior masculino cada 15 días. A semana que non xogan en Mugardos haberá partido de balonmán, os sábados.
- 19 decembro, 11º Aniversario da Coral, que actuará no Casino cun pianista e un grupo folk.
- Bailes: 25 decembro, no casino coa orquestra da T.V.G.

31 decembro ata as 9:00 do día 1:

- Exposición de pintura con 22 cadros de BELLO PIÑEIRO e DÍAZ PARDO, no casino.
- Durante o mes de decembro celebraranse no casino os campionatos de pocha, malilla e mus.

Por: Verónica Fernández Varela





A TRABE DE OURO

UN IDIOMA DISTINTO

XURXO vivía nun pequeno barrio ás aforas de Santiago. Dende moi pequeno xa sabía o que era non ter todo o que lle gustaba nin ir á última coma os seus amigos, pois nacera no seo dunha familia moi numerosa e con poucos medios para subsistir. Cada mañá observaba como seu pai marchaba cedo a traballar, e pola noite esperaba esperto ata que o escoitaba chegar.

Un día decidiu ir dar unha volta polo barrio para mata-lo tempo. Xurxo tería uns catorce anos e os estudos comezaban a perder interese para el. As rúas estaban desertas, non había nada co que entreterse, nin ninguén con quen falar; cada día que pasaba atopaba o barrio máis morto e aburrido. De súpeto oíu algo, unha música que proviña dunha escura ruela fixolle cambia-lo seu rumbo e a curiosidade dirixiuno ata alí. Non podía ver nada, e preguntou: ¿Quen está aí? A música cesou, pero ninguén contestaba. Achegouse máis, e logrou ver un ancián tocando un saxo. Xurxo pediulle que non parara, e o ancián seguiu tocando. Faláron durante moito tempo, fixose de noite e Xurxo voltou á casa.

O día seguinte ergueuse cedo, foi o primeiro en saír. Dirixiuse directamente á ruela, tiña pensado pasa-lo día co seu novo amigo. Pero cando chegou ó lugar sinalado, atopouse cunha desagradable escena, que cambiaría a súa vida por completo. O ancián estaba morto, esa noite o frío gañara a batalla, e conseguiu acabar con el. Xacía morto co seu saxo entre os brazos, a roupando co mesmo cariño co que unha nai arroupa ó seu fillo. Xurxo non puido conte-las bágoas, nunca perdera un amigo, e aquel era moi especial. Colleu o saxo e, sen mirar atrás, saíu correndo.

Pasaban os meses, Xurxo non era o mesmo, pasaba horas mortas no seu cuarto observando aquel saxo que tanto misterio gardaba.

Un día, sen pensalo máis, escribiu unha nota, deixouna enriba dunha mesa e marchou da casa. Todo aquilo afogábase, entre recordos e pena non podía vivir, necesitaba escapar. Non levaba equipaxe, únicamente o acompañaba aquel saxo, do que xa nunca se separaría.

Chegou a unha cidade, o seu nome non importaba, os nomes xa non tiñas sentido, somente as notas contiñan significado, e el pretendía aprender a falar aquela linguaxe para así comuica-los seus sentimentos.

O tempo pasaba, pouco a pouco o saxo íase derretendo nas mans de Xurxo, o camiño para recorrer acortábase, e Xurxo convertíase case sen darse conta nun excelente saxofonista. Comezou a actuar tocando jazz en distintos clubs e bares da cidade; a súa música era o seu mundo e nada máis existía para el, nada máis a non ser aquel ancián, aquel que un día, e sen darse conta, lle axudou a descubrir o que realmente quería, un idioma que expresaba todo o que el sentía, un idioma que cada día falaría mellor.

Por:

Gloria Hevia

- A PABLO MILANÉS, cantautor cubano, que interpretou "Aí vén o Maio" en galego.
- Á A.E.G. que rexurdiu despois de 1 ano de ausencia, cun novo e extraordinario número da revista.
- A tódolos PROFES e ALUMNOS do I.E.S. Mugardos que falan galego, sobre todo a aqueles que o están intentando.

A TRABE DE ALCATRÁN

- Ó CENTRO DRAMÁTICO GALEGO por escenifica-la obra de Valle Inclán en castelán, ¿caso non era galego o marqués de Bradomín?.
- Ó MINISTERIO DE DEFENSA por levar a cabo unha campaña para alistar mozos galegos no exército profesional, pero en castelán.
- Ós ORGANIZADORES DO DESFILE do I.E.S. Mugardos porque foron capaces de organizar unha marabillosa pasarela pola que desfilaron os guapos/as rapaces/as do Instituto, pero non foron quen de elabora-la publicidade en galego.



ó pan, pan,
e ó viño, viño

Nesta España solidaria


Todos vós escoitastes falar nestes últimos días dos estragos que o "Mitch" causou en Centroamérica, e de seguro que tamén escoitastes algo sobre a condaoazón da débeda externa que Nicaragua, Guatemala, O Salvador e Hondúras teñen con países como España. Estes países centroamericanos, que agora mesmo se encontran nunha situación extremadamente difícil, necesitan da citada condaoazón para saír adiante, senón o empobrecemento será cada vez maior.

Pero claro, aquí temos un goberno moi xeneroso e caritativo, cando a eles lles convén, ó primeiro manda millóns e millóns en axuda urxente, e todos a botarse flores, e a dicir o solidarios que son. Comezan a falar de condaoazón, pero sempre con algunha traba: *que a ver se chegan a un acordo na U.E., que se pospoñen o seu pago ata o dous mil e pico, etc, etc, etc.*

En fin, propostas e promesas que por desgracia nunca chegarán a ser nada. E o que eu non entendo, por máis voltas que lle dea, é que ó fin e ó cabo ese diñeiro é de todos nós, pero claro..., é máis importante gasta-los cartos en retransmitir pola televisión pública a voda do Rivera coa Martínez de Irujo, porque claro, ese foi "un gran acontecemento social", ¡POR FAVOR!, pero en fin, neste país todo é así.

Aínda que o máis coñero é que a Igrexapide urxentemente esa condaoazón, pero, ¿e que nunca vos decatastes de que aquí sempre falan os máis espabilados? e claro, sempre a cagan, porque tódolos cargos da Igrexa se preocupan de que o pobre desgraciado que non ten nin para comer bote cartos na boeta, pero a caritativa da Igrexa que é unha das institucións máis poderosas do mundo, non dá un peso, cando coas súas inmensas riquezas podería solucionar moitos dos problemas que agora mesmo ten Centroamérica e moito máis, pero en fin, nesta "España solidaria" sempre falan os que por máis razóns tiñan que estar calados.

Por:
David Fernández



IGREXAS DE CELULOIDE

Na noite do luns 16 de Novembro, a capela do antigo hospital da Caridade voltou a ser un recinto adicado a venerar a Deus. Pero ningún cura (polo que eu sei) había aquela noite alí, os que si estaban eran uns nachos, impecablemente traxeados de cor verde, que se facían chamar "Zion Harmonizers".

Aqueles tipos tiñan moitos anos e, probablemente, moito camiño andado. Din que para ser Santo hai que obrar tres milagres, pois os membros deste grupo fixeron tantos milagres aquela noite (que se traduciron nun número infinito de palmas e de bailes ó compás, bastante malos por certo, do público) que tiñan o suficiente rango celestial como para invitar a Deus a tomar unhas copas á saída do concerto. Pero imos describi-la escena. Ás oito menos cuarto chego á actuación (faltaba un cuarto de hora), o lugar estaba de bote en bote, isto encheume de estupor. Tiña dúas opcións:

- a) sentarme no chan e non ve-lo escenario.
- b) quedarme de pé, o cal me deixaría as pernas escaralladas para o resto do día.

Como non quedaba moito día por diante escollín a opción b). Cando o grupo saíu, todo cambiou e a sala encheuse dunha enerxía máxica; cando parecía que aquela capa de ritmo e gospel desaparecía do ambiente, o máis vello do grupo facía que seguísemo-las súas palmas e quitaba a bailar a un par de rapazas do público. Aquilo parecíase moito a unha desas igrexas do cine, nas que os asistentes, maiormente de raza negra, cantan salmos despois dun eficaz sermón do cura (un tipo que soe ter un parecido notable con James Brown).

Aquela noite comprendín que cando falamos de marcha ou carallada, non falamos de discotecas atiborradas de xente que baila bacalao, falamos da actuación dos "Zion Harmonizers" o 16 de Novembro en Ferrol.


Por:
Noel Blanco



GARGALLADAS



¡¡¡ MANDA CARALLO!!!
 ¡NUNCA ESFORCEME TAN-
 TO EN COPIARLLE O' DO
 LADO, E VAN, E
 CÁRGANME!



BEATRIZ MARTÍNEZ

EU PASO DAS PANCARTAS
 E EU ACTUO E NON
 FALO TANTO SOBRE A



NAZARIO LLEDÓ

Edita: Equipo de Normalización Lingüística
 Colaboran: Borja Carballo, Noel Blanco, Verónica Fernández, Lidia Pena, María Otero, Isabel Mesías, Carmen Ríos, Noemi Lorenzo, María Barreiro, Nazario Lledó, Elena Brozos, Groria Hevia, David Fernández, Lucía Abad, Clara Prego, Beatriz Martínez, Pilar García Suárez, José Tomás Díaz e Pilar García López.

